OBSERVACIÓNS Á ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO DO ANTEPROXECTO DE LEI DE ÁREAS EMPRESARIAS DE GALICIA

Solicitante: Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda. Secretaría Xeral Técnica

Expediente: 2021/31

FEITOS

O Servizo de Desenvolvemento Normativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, remite o día 8 de novembro de 2021 a esta Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica da Consellería de Política Social o Anteproxecto de Decreto Lei de Áreas Empresariais de Galicia

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1.PERTINENCIA DA ANÁLISE DE IMPACTO DEMOGRÁFICO.

Segundo o disposto no artigo 8.1 da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, nos procedementos de elaboración de proxectos de lei e decretos, así como de documentos de planificación sectorial que tramite a Administración autonómica, deberá darse traslado do texto proxectado, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección con competencias en materia de dinamización demográfica, concedéndolle un prazo de dez días hábiles para a formulación, se é o caso, das observacións que considere procedentes nesta materia.

Así mesmo, o apartado 9º do artigo 42 da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, engadido pola Disposición Derradeira Segunda da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, establece que todos os proxectos de decreto serán remitidos, xunto cunha análise do seu impacto demográfico, ao órgano de dirección competente en materia de dinamización demográfica, para os efectos previstos no artigo 8 da Lei de impulso demográfico de Galicia.

Por outra banda, o Decreto 216/2020, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social , recolle no seu artigo 13.1 c, que lle corresponde á Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica , como órgano de dirección da consellería, a función de exercer as políticas destinadas a favorecer e impulsar o crecemento demográfico, a renovación xeracional e a reverter o envellecemento poboacional.

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA
E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA
Complexo San Caetano – Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamiilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal

CVE: 19M94ePCN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

2. OBSERVACIÓNS EN CANTO A AVALIACIÓN DO IMPACTO DEMOGRÁFICO.

O artigo 3 e) da Lei 5/2021, do 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galicia, define o impacto demográfico como a identificación e valoración dos diferentes efectos e resultados dunha norma ou dunha política pública no comportamento da poboación, co obxecto de neutralizar posibles efectos que dificulten ou impidan o impulso demográfico, definindo este no apartado c) como o conxunto de medidas dirixidas ao desenvolvemento sustentable e ao logro do equilibrio territorial e social, de modo que se creen contornos favorables para o asentamento da poboación, o desenvolvemento saudable e o benestar da infancia e unha libre realización dos proxectos vitais que permita cumprir as expectativas e os desexos da poboación de poder formar unha familia e aproxime a fecundidade á media da Unión Europea, que promova o envellecemento activo e saudable e que facilite o retorno das galegas e dos galegos residentes no exterior e a atracción de nova poboación ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia.

A avaliación de impacto demográfico que se remite contempla que a acción avaliada é positiva dende o punto de vista do impulso demográfico.

Unha vez examinados o anteproxecto de lei e a avaliación de impacto demográfico, non hai obxeccións dende o punto de vista do impulso demográfico e considérase relevante, a introdución dun capítulo VI no que se recolla a figura dos concellos emprendedores como instrumento incentivador da iniciativa empresarial, establecendo unha discriminación positiva a favor dos mesmos nas solicitudes de subvencións en réxime de concorrencia competitiva convocadas pola Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia ou por unha entidade do sector público autonómico, destinadas a gastos nos eidos industriais, do emprego e do emprendemento.

A incidencia na adaptación ao cambio, amósase na colaboración entre os diferentes departamentos da administración autonómica, así como co resto de administracións públicas e cos ámbitos empresariais.

O impacto demográfico da normativa no territorio ten unha importancia significativa, xa que potencia a accesibilidade a bases de datos sobre o territorio ao establecer no seu artigo 5, un Censo do solo empresarial de Galicia como rexistro público no que os promotores das áreas empresariais deben inscribir as áreas empresariais promovidas por eles que teñan parcelas dispoñibles para a súa comercialización. A normativa, tamén ten en conta a conservación da contorna, ao establecer a obrigatoriedade de que o Plan sectorial de ordenación de áreas empresariais de Galicia se someta a unha avaliación estratéxica ordinaria, polo que permite limitar os efectos da pegada ecolóxica derivada da creación das mesmas e sometelas a información pública.

Outro efecto positivo, é que unha ordenación integral do territorio e do uso do solo mediante os plans estrutúrantes de ordenación do solo empresarial, permiten planificar e ordenar as actuacións de creación de solo empresarial e adaptalo as

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA
E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA
Complexo San Caetano – Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamiilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal

CVE: 19M94ePCN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve

estratexias de dinamización económica así como o acceso as servizos por parte das empresas e potenciar os factores de natureza institucional, laboral e o tecido industrial local para mobilizar recursos endóxenos.

O impacto na dinámica económica faise notar na facilidade de acceso a terreo para o desenvolvemento de actividades económicas competitivas e incentiva o investimento mediante prioridades no acceso a subvencións para aqueles concellos que teñan a consideración de concellos emprendedores, fomentando o asentamento empresarial e a loxística.

Polo tanto, o impacto demográfico da normativa no eixos que avalían o impacto na adaptación ao cambio, no territorio e na dinámica económica é positiva.

Santiago de Compostela

O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica

Jacobo Rey Sastre

(documento asinado dixitalmente)

Asinado por: REY SASTRE, JACOBO
Cargo: Director Xeral
Data e hora: 11/11/2021 09:54:47

DIRECCIÓN XERAL DE FAMILIA, INFANCIA
E DINAMIZACIÓN DEMOGRÁFICA
Complexo San Caetano – Edificio 8 B
T. +34 981 544 655
dxfamiilia.politicasocial@xunta.gal
www.xunta.gal

CVE: 19M94ePCN1
Verificación: https://sede.xunta.gal/cve